


Glosario: Onde vai a nosa cultura?

B

Biografía



Definición:

Texto que recolle os datos máis destacables dunha persoa, presentados de forma cronolóxica.

Exemplo:

Marta elaborou unha biografía dunha autora da súa vila.

C

Cápsula



Definición:

Obxecto empregado para gardar algo dentro del.

Exemplo:

Gardaremos todo o recollido na nosa cápsula do tempo.

Coavaliación



Definición:

Consiste en que o alumnado valore, de forma guiada e organizada, os traballos dos seus compañeiros e compañeiras en base a unhas pautas establecidas polo mestre ou mestra.

Exemplo:

Ao final da unidade 5 empregamos a técnica da coavaliación.

Coherencia



Definición:

Que garda relación entre as diferentes partes dun todo.

Exemplo:

Un texto sen coherencia carece de sentido.

Cohesión



Definición:

Propiedade dun texto que permite que unha frase dun escrito se interprete en relación co conxunto do texto.

Exemplo:

A cohesión é moi importante no traballo en equipo.

Cultura



Definición:

Diferentes coñecementos, crenzas e costumes dunha sociedade.

Exemplo:

A gaita é parte da cultura galega.

Discriminar

D



Definición:

Distinguir ou diferenciar unha cousa doutra.

Exemplo:

É moi importante discriminar entre o que está ben e o que está mal cando redactamos un texto.

Fonte de información

F



Definición:

Instrumento a través do cal se obteñen datos que se poden presentar en diversos formatos.

Exemplo:

É moi importante contrastar as fontes de información.





I

Identidade



Definición:

Características dunha persoa, sociedade ou pobo, que o diferencian con respecto a outros.

		Exemplo: Un trazo da nosa identidade é a nosa lingua.
P	Perdurar 	Definición: Manter no tempo. Exemplo: Temos que facer o posible para que a nosa lingua perdure no tempo.
	Poema 	Definición: Manifestación artística que se caracteriza por estar escrita en verso. Exemplo: Este poema fixéchelo ti?
R	Rúbrica 	Definición: Ferramenta de avaliación que permite valorar o traballo propio e o alleo. Exemplo: A nosa mestra emprega unha rúbrica para valorar os nosos traballos escritos.
S	Síntese 	Definición: Texto breve que recolle a información máis relevante. Exemplo: Elaboraremos a síntese deste tema para estudar.

